



Noticias

O grupo BioFarma impulsa unha xornada para establecer sinerxías no descubrimento temperán de fármacos

Redes colaborativas, consorcios e hubs de referencia internacional, dedicados ao descubrimento temperán de fármacos, analizan en Santiago de Compostela novas oportunidades e estratexias para o desenvolvemento deste sector chave no impulso da biotecnoloxía. O grupo BioFarma organiza este encontro en calidade de nodo coordinador das redes. "O obxectivo da xornada é a reflexión conxunta para manter e mellorar a colaboración eficiente dos investigadores españois entre si, cos doutros países europeos e nas estruturas supranacionais", apunta Mabel Loza, coordinadora do grupo BioFarma.



O encontro permite escoitar de primeira man as visións doutros países, as iniciativas europeas e da industria, á vez que identifica as oportunidades e expón accións conxuntas de forma eficiente.

Neste senso, a Rede Galega de I+D de Medicamentos REGID, participante no foro, pretende xerar sinerxías e unha masa crítica que permita a transferencia do alto nivel de investigación biomédica en Galicia. Regid é actualmente unha rede consolidada e estruturada con 36 grupos de investigación constituídos en 30 unidades de investigación independentes procedentes das tres universidades do sistema galego, os tres complexos hospitalarios universitarios de Galicia e de universidades do norte de Portugal.

Pola súa parte, a Rede Temática de descubrimento de fármacos REDEFAR conecta a experiencia internacional en I+D aplicada ao descubrimento temperán de fármacos de dez equipos multidisciplinares e complementarios españois entre os que se atopa a USC. Esta Rede permite a coordinación, cohesión, fortalecemento e visibilidade das capacidades españolas en descubrimento de fármacos e leva a cabo a súa conexión internacional.

A Rede Estratéxica ES- OPENSREEN está formada polos grupos das entidades españolas acreditadas polo ERIC EU- OPENSREEN, entre as que tamén se atopa a USC, e diríxese á consolidación e posicionamento estratéxico do nodo español na rede ERIC EU- OPENSREEN. A Xunta de Galicia co financia a participación galega neste consorcio europeo. A importante presenza española no Consorcio Europeo ERIC EU- OPENSREEN "supuxo un salto cualitativo nas capacidades españolas e nas súas posibilidades de colaboración internacional", subliña Mabel Loza. "Con todo, os orzamentos para redes nestes anos foron limitados, o que condiciona o avance da ciencia disruptiva cara á súa aplicación", engade. A reunión conta tamén co apoio institucional da Xunta de Galicia no marco da Estratexia de Impulso á Biotecnoloxía de Galicia e a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3).

R., 2019-12-17

BIBLIOTECA VIRTUAL DE GALICIA DIGITAL



Dedicados (Cruce de Caminos)
José Ramón Lorenzo

Nueva obra: **A Atlántida** (Verdaguer - Manuel R. López)

[ir a biblioteca](#)



PUBLICIDAD

